

ENTREVISTA | SANTIAGO PROL

PROFESOR E INVESTIGADOR

«Esta obra rescata a faceta máis humana de Benigno Álvarez»

O historiador de Maceda recolle nun libro, que se presenta mañá no castelo, a figura do líder comunista represaliado

Xosé Manoel Rodríguez

OURENSE | O castelo de Maceda vivirá mañá unha cita longo tempo agardada: a recuperación dunha figura emblemática da comarca e da provincia que viu truncada a súa vida pola represión falanxista que trouxo consigo a guerra de 1.936. Na Torre da Homenaxe presentárase ás 20:00 horas o libro *Benigno Álvarez. Un comunista na Galiza dos anos 30*, do que é autor Santiago Prol. No acto participarán o alcalde Xabier Oviedo, Afonso Eiré (Conselleiro delegado de Promocións Culturais Galega, que edita a obra), Bieito Seara, o historiador Francisco Carballo e o propio autor.

—¿Como nace o proxecto que agora ve a luz neste libro?

—Era unha asignatura pendente que tiñamos dende hai anos en Maceda. En 1996 encargóme A Nosa Terra que lle fixese o apartado sobre Benigno Álvarez (Maceda, 1900-1937) para un traballo que se chamaba *Os mártires do 36*. En 1997, co PP gobernando en Maceda, na Deputación, na Xunta e no Estado, un grupo de amigos conseguimos que Benigno Álvarez tivese unha praza no seu pobo e levantar un monolito aos mártires do 36. E quedaba facer un traballo como este, que trata a súa figura de forma rigurosa.

—¿Recupera a obra os episodios da represión que se están a sacar á luz no marco da memoria histórica?

—Non. Do Archivo Histórico



Santiago Prol presentará a obra na Torre da Homenaxe | SANTI M. AMIL

co Militar de Ferrol saquei 1.500 documentos referidos á represión falanxista en Maceda, mais non se trataba diso senón de recuperar a figura de Benigno Álvarez. Si que se dan algúns apuntes para enmarcar o momento histórico, pero o obxectivo era recuperar e arrojar luz sobre unha persoa que tivo unha especial relevancia naquel momento e coido que esta obra rescata a faceta máis humana de Benigno Álvarez.

—¿Que aspectos se aportan nese senso?

—É fundamental descubrir que a filla está viva, no libro inclúese unha entrevista que lle fixen hai uns anos, e como veu semiclandestinamente a

coñecer o pobo do seu pai, ao que non chegou a coñecer xa que o mataron cando ela só tiña tres meses. Recóllese a faceta de columnista en *La República*, as súas ponencias sindicais ou as súas colaboracións en *Mundo Obrero* e outros documentos.

—¿Con que se vai atopar o lector que se achegue a esta publicación?

—Cun Benigno Álvarez sen a aureola mítica de revolucionario, a que lle valeu o alcume de *La fiera comunista*, máis que gaña en calidade humana e que aparece na súa verdadeira medida e facendo xustiza á importancia que tivo como militante comunista e líder revolucionario.